



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00014

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día cinco de maio de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa, para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA EN DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“Expediente: 2021/C004/000006

Procedemento e forma de adxudicación. Aberto, tramitación urxente, cun único criterio de valoración (factor prezo).

Valor estimado contrato:

Base impositiva.- 78.512,40 euros

10% (posible modificación).- 7.851.24 euros

1 ano de prórroga: 78.512.40 euros

Total valor estimado: 164.876,04

Orzamento base licitación: 95.000 euros/anuais IVE incluído

Prazo execución: 1 ano

Tramitado o expediente antedito, con publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado, onde se aloxa o perfil do contratante, aperturados e cualificados os sobres A.- Documentación, axustada ao formulario DEUC; en sesión de Mesa de Contratación, resultan admitidas as dúas ofertas concurrentes.

Aperturados en Mesa de Contratación os sobres “B”.- Oferta económica, axustada ao modelo recollido nos pregos.

Vistas as ofertas económicas, as puntuacións e a proposta motivada da Mesa de Contratación, recollidas na acta da sesión do seguinte contido:

“

“1.- Apertura criterios evaluables automáticamente: 2021/C004/000006 - Servicio de limpieza en diversos edificios municipales del Concello de Valdoviño

Se procede a la apertura de los sobres de las empresas que ofertaron, que fueron admitidas, resultando:

LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159

* *Conoce y acepta las obligaciones que deriven de los Pliegos de cláusulas administrativas particulares del presente contrato, así como del proyecto y documentación técnica que lo integra.*

* *Acompaña la documentación exigida en el Pliego de cláusulas administrativas particulares.*

* *Hace constar que en la presente licitación que no concurre con empresas vinculadas.*

**Precio:*

A) *Precio sin IVA 78.223 €*

B) *Impuesto sobre el valor añadido. Porcentaje: 21 % Importe: 16.426,83*

C) *TOTAL (A+B): 94.649,83*

ELEROC SERVICIOS S.L. NIF: B26533257

* *Conoce y acepta las obligaciones que deriven de los Pliegos de cláusulas administrativas particulares del presente contrato, así como del proyecto y documentación técnica que lo integra.*

* *Acompaña la documentación exigida en el Pliego de cláusulas administrativas particulares.*

* *Hace constar que en la presente licitación que no concurre con empresas vinculadas.*

**Precio:*

A) *Precio sin IVA 78.502,62 €*

B) *Impuesto sobre el valor añadido. Porcentaje: 21 % Importe: 16.485,55*

C) *TOTAL (A+B): 94.988,17*

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2021/C004/000006.- Servicio de limpieza en diversos edificios municipales del Concello de Valdoviño

Se utiliza el Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos, que permite determinar, entre otros, las puntuaciones de las ofertas presentadas en función de sus bajas porcentuales respecto de su precio de licitación, detectando en su caso, las bajas temerarias.

*Prezo licitación sin IVA.- 78.512,40 euros
Limite baja temeraria.- 76.147,54 euros.*

<i>Empresa</i>	<i>Oferta</i>	<i>Baja</i>	<i>Puntos</i>
<i>LIMPERGAL, SL</i>	<i>78223,00</i>	<i>0.37</i>	<i>1,73</i>
<i>ELEROL SERVICIOS, S.L</i>	<i>78502,62</i>	<i>0.01</i>	<i>0,05</i>

Visto lo expuesto, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los asistentes ACUERDA:

.- Elevar el resultado de la valoración de las ofertas al órgano de contratación correspondiente para su aprobación y FORMULAR propuesta de ADJUDICACIÓN del SERVICIO DE LIMPEZA DE DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO a favor de la empresa ,LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159 por haber resultado la oferta más ventajosa económica, siendo el precio el factor precio el único criterio de valoración”

A Xunta de Gobierno Local en sesión de 17.02.22, Acordara:

“Primeiro.- Tomar coñecemento e validar o actuado pola Mesa de Contratación; elevando a definitivo as valoracións e puntuacións obtidas polas empresas licitadores.

*Segundo.- Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación e Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares de esta contratación, **REQUERIR** á empresa proposta para a adxudicación: **LIMPERGAL S.L. NIF B27141159** para que dentro do prazo de **DEZ DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que recibirá o requerimento presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica a documentación especificada no punto 11 do citado prego de cláusulas.*

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte.

Segundo.- Notificar dito acordo ás empresas licitadoras (LIMPERGAL S.L. NIF B27141159 e ELEROC SERVICIOS S.L B26533257) para o seu coñecemento e efectos.”

En data 24.02.22 (registro entrada 202299900000219), LIMPERGAL S.L presenta documentación previa para ser adxudicatario, analizada ésta pola Xunta de Gobierno local de sesión 10.03.22 comprobase que a empresa presentou a documentación en prazo, e comprobase que está clasificada; non obstante, dado que non se establece clasificación no PCAP, acorda requerir á empresa para que acredita a solvencia económica e financeira e a solvencia profesional, de conformidade co estipulado no punto 9.- Solvencia do contratista do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

No día 14.03.22, (registro entrada 202299900000302), LIMPERGAL S.L presenta documentación requerida.

Considerando o artículo 87. 3 a) da LCSP.- *Solvencia económica y financiera*, que di:

3. En el anuncio de licitación o invitación a participar en el procedimiento y en los pliegos del contrato se especificarán los medios, de entre los recogidos en este artículo, admitidos para la acreditación de la solvencia económica y financiera de los empresarios que opten a la adjudicación del contrato, con indicación expresa del importe mínimo, expresado en euros, de cada uno de ellos. Para los contratos no sujetos al requisito de clasificación, cuando los pliegos no concreten los criterios y requisitos mínimos para su acreditación los licitadores o candidatos que no dispongan de la clasificación que en su caso corresponda al contrato acreditarán su solvencia económica y financiera con los siguientes criterios, requisitos mínimos y medios de acreditación:

- a) El criterio para la acreditación de la solvencia económica y financiera será el volumen anual de negocios del licitador o candidato, que referido al año de mayor volumen de negocio de los tres últimos concluidos deberá ser al menos una vez y media el valor estimado del contrato cuando su duración no sea superior a un año, y al menos una vez y media el valor anual medio del contrato si su duración es superior a un año. El volumen anual de negocios del licitador o candidato se acreditará por medio de sus cuentas anuales aprobadas y depositadas en el Registro Mercantil, si el empresario estuviera inscrito en dicho registro, y en caso contrario por las depositadas en el registro oficial en que deba estar inscrito. Los empresarios individuales no inscritos en el Registro Mercantil acreditarán su volumen anual de negocios mediante sus libros de inventarios y cuentas anuales legalizados por el Registro Mercantil.

Considerando o artículo 90 da LCSP .- *Solvencia técnica ou profesional nos contratos de servizos*, que di:

1.- “En los contratos de servicios, la solvencia técnica o profesional de los empresarios deberá apreciarse teniendo en cuenta sus conocimientos técnicos, eficacia, experiencia y fiabilidad, lo que deberá acreditarse, según el objeto del contrato, por uno o varios de los medios siguientes, a elección del órgano de contratación.....”

E no apartado 2 di:

2.- En el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y en los pliegos del contrato se especificarán los medios, de entre los recogidos en este artículo, admitidos para la acreditación de la solvencia técnica de los empresarios que opten a la adjudicación del contrato, con indicación expresa, en su caso, de los valores mínimos exigidos para cada uno de ellos y, en los casos en que resulte de aplicación, con especificación de las titulaciones académicas o profesionales, de los medios de estudio e investigación, de los controles de calidad, de los certificados de capacidad técnica, de la maquinaria, equipos e instalaciones, y de los certificados de gestión medioambiental exigidos. En su defecto, la acreditación de la solvencia técnica o profesional se efectuará mediante la relación de los principales servicios efectuados en los tres últimos años, de igual o similar naturaleza que los que constituyen el objeto del contrato, cuyo importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior al 70 por ciento de la anualidad media del contrato.

Visto a documentación presentada pola empresa tralos requerimentos,

Visto que o Concello ten verificado que a empresa proposta coma adxudicataria está ao corrente coas súas obrigas tributarias co Concello,

Dáda conta á Xunta de Goberno Local dos antecedentes expostos e do informe de fiscalización da intervención municipal MP 39/2022 para o seu coñecemento; esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- ADXUDICAR á empresa LIMPERGAL, S.L B27141159 o contrato de servizo de limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño motivado en que resultou a oferta máis vantaxosa economicamente, sendo o prezo o factor único criterio de valoración; polo prezo de:

.- Prezo sen IVA 78.223 €

.- Imposto sobre o valor añadido. Porcentaxe: 21 % Importe: 16.426,83

.- **Total 94.649,83**

E cun prazo de duración DUN ANO (1), a partir da data de formalización do contrato; non obstante o contrato poderá prorrogarse, por prazo máximo de un ano (artigo 5. Do prego de cláusulas administrativas particulares).

O adxudicatario cumprirá co estipulado no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicos e prestará o seu servizo de acordó coa súa oferta.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á correspondente partida do presuposto municipal; dando contad este acordó aos servizos económicos municipais para que realicen os trámites e pratiquen as anotacións que procedan.

TERCEIRO.- Designar como unidade encargada do seguimento e execución do servizo ao concelleiro de servizos que no seu intre desempeñe dito cargo.

CUARTO.- Notifiquese dito acordo á empresa adxudicataria así como a tódalas empresas participantes na licitación; requirindo á adxudicataria para a sinatura do contrato, e trala sinatura do mesmo, subscribase Acta de comezo do servizo pola persoa representante do Concello e pola persoa representante da empresa adxudicataria.

QUINTO.- Publicar o acordo de adxudicación no perfil do contratante.

Non obstante a Xunta resolverá o que estime máis convinte.

/Documento asinado na marxe polo alcalde/.

Despois de ver a proposta de Alcaldía reproducida, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobala.

2º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE SANEAMENTO E BOMBEO EN MONTEFARO.-

Expediente. 2020/C003/000003

Proposta de Alcaldía:

“CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

Plan POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.
Proxecto redatado por Carlos Antelo Martínez, exeñeiro de camiños.

Financiamento.-

Deputación.- 115.000,00 euros; Concello.- 37.333,16 euros

Total proxecto.- 152.333,16 euros

(125.895,17 euros .- Importe sen IVE); (26.437,99 euros .- IVE)

Trámites preparatorios e acordo aprobación expte contratación e comezo de adjudicación (procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación urxente).

Anuncio no perfil do Contratante (PCSP); aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación admitíuse a 4 empresas e requírese a dúas delas subsanación de documentación, que aportada resultan admitidas.

Aperturados os sobres de Oferta económica (C), en Mesa de Contratación e executadas as valoracións de criterios evaluables automaticamente, resultan os seguintes prezos e valoraciónsi:

Ofertas:

.-CIF: A15840861 BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L

Fai constar na súa oferta que:

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 112.876,10 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 23.703,98 €

c) Total (a+b): 136.580,08 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar.

CIF: A15352735_EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.

Fai constar na súa oferta que:

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 107.640,37 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 22. 604,48 €

c) Total (a+b): 130.244,85 €

5º.- Que ten previsto subcontratar unidades de obra polo importe que se indica:

_Unidades o partes de obra A subcontratar	Importe IVE INCLUÍDO	Nome ou perfil empresarial do subcontratista
--	----------------------	---

Perforación horizontal	9.786,84 €	Empresa especializada
TOTAL	9.786,84 €	

CIF: B32108334 HORDESCÓN

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 118.165,21 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 24.814,69 €

c) Total (a+b): 142.979,90 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar

CIF: A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

5º.- Que non ten previsto subcontratar.

a) Prezo sen IVE: 122.130,91 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 25.647,49 €

c) Total (a+b): 147.778,40 €

CIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE: 116.012,40 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 24.362,60 €

c) Total (a+b):140.375,01 €

5º.- Que non ten previsto subcontratar.

CIF: B15938780 SYR-AMG OBRAS Y SERVICIOS.

Fai constar na súa oferta que:

3º.- Fai constar que na presente licitación

a) Non concorre con empresas vinculadas.

4º.- Prezo.

a) Prezo sen IVE: 106.746,44 €

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 22.416,75 €

c) Total (a+b): 129.163,19 €

Ofrece o seguinte prezo:

5º.- Que non ten previsto subcontratar ningunha unidade de obra.

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2021/C003/000003 - Saneamento e

bombeo en Montefaro

Efectuase dita valoración co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación Provincial da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE.- 125.895,17 euros.
Límite oferta temeraria.- 111.165,22 euros.

NIF: B15840861 BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.:
100% prezo. Valor introducido polo licitador: 112.876,10 Baixa (%) 10,34.- Puntuación: 48,25.

NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% prezo .Valor introducido polo licitador: 107.640,37 Baixa (%) 14,50.- Puntuación: 67,67. BAIXA TEMERARIA.

NIF: B32108334 HORDESCON, S.L.:
100% - prezo Valor introducido polo licitador: 118.165,21 Baixa (%) 6,14 Puntuación: 28,65

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% prezo Valor introducido polo licitador: 122.130,91 Baixa (%) 2,99 Puntuación: 13,95

NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:
100% prezo Valor introducido polo licitador: 116.012,40 Baixa (%) 7,85 Puntuación: 36,63

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:
100% prezo Valor introducido polo licitador: 106.746,44 Baixa (%) 15,21 Puntuación: 70,63.- BAIXA TEMERARIA.

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de adjudicación- factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“ Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- REQUERIR á empresa NIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

2º.- REQUERIR á empresa NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L. . para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

3º.- A documentación xustificativa realizada polos licitadores será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non da baixa anormal.

Feitos os requerimentos as empresas incursas en baixa presentan documentación ao respecto, que se traslada en data 9/12/21 a técnico da oficina de obras e urbanismo (arquitecto técnico), quen da entrega dos informes o 4/04/22 nos que conclúe:

EMPRESA EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA:

“

, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”** .

EMPRESA SYR AMG, S.L:

“

..., o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa **SYR-AMG, SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”**.

dado que a seguinte empresa máis vantaxosa en puntuación é SYR AMG, S.L.

PROPONSE pola Alcaldía á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Acordar xustificada a oferta económica presentada polas empresas Eulogio Viñal e Syr- Amg, non considerándose como ofertas economicamente desproporcionadas, en base ao informe técnico.

SEGUNDO.- Considerando que a empresa máis vantaxosa en puntuación é SYR-AMG, S.L (sendo o factor prezo criterio único), de conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación,

REQUERIR a dito licitador SYR AMG S.L, NIF: B15938780 para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento

acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP. De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

TERCEIRO.- Notifíquese dito acordo ás empresas referidas.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime máis convinte
Documento asinado electrónicamente polo alcalde.”

Despois de ver a proposta de Alcaldía reproducida, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobala.

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2022/12.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“ Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/12 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 8 facturas ascende á cantidade de CINCUENTA E UN MIL OITENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (51.088,59 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/12 así como AUTORIZAR o correspondente pagamento por importe bruto de 51.088,59 euros. En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde: Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

4º.- PROPOSTA PARA A A CONTRATACIÓN MENOR DE SERVICIOS PROFESIONAIS COMPLEMENTARIOS (ASESORAMENTO XURÍDICO E

ATENCIÓN PSICOLÓGICA) NO MARCO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de incorporar a prestación de servizos profesionais complementarios no Departamento de Servizos Sociais, visto o recoñecemento da retención de crédito e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

"INFORME DE NECESIDADE PARA A CONTRATACIÓN MENOR DE SERVIZOS PROFESIONAIS COMPLEMENTARIOS (ASESORAMENTO XURÍDICO E ATENCIÓN PSICOLÓGICA) PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, en relación á necesidade detectada e á posibilidade administrativa de desenvolver un servizo de asesoramento xurídico e atención psicolóxica

INFORMA

1. Que nos últimos meses apréciase un incremento da necesidade de ampliar a atención proporcionada ás persoas usuarias do Departamento de Servizos Sociais desde o punto de vista xurídico e psicolóxico mellorando así o servizo xeral e ampliando o principio de atención integral recollido na normativa autonómica e na filosofía propia dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño.

2. Esta circunstancia ven dada pola saturación existente nos recursos sanitarios ou nos servizos específicos ou especializados de carácter comarcal, que fan insuficiente a atención e que implican un alto nivel de risco e unha dificultade para avanzar no proxecto de vida dalgunhas persoas.

3. O persoal dos Servizos Sociais atenden e sosteñen esta realidade, se ben non poden dar cobertura á intensidade ou especificidade que presentan algunhas das persoas usuarias.

4. Que a maior necesidade é detectada en casos relacionados con saúde mental, circunstancias sociopersoais e asesoramento legal en casos particulares (non representación).

5. Que esta necesidade de contratación foi comunicada ao persoal político para valorar a conformidade de impulsar este servizo.

6. Que esta necesidade de contratación do servizo foi comunicada ao departamento de Intervención para valorar a súa financiación a través das partidas correspondentes para gastos sociais, o cal resulta factible tanto por concepto como por custo económico do servizo.

7. Que para formalizar este contrato menor pediranse varias propostas, coa especificación técnica, metodolóxica e económica correspondente:

Asesoramento xurídico:

Perfil: experiencia e formación no ámbito do dereito con perspectiva social, especialmente no caso de mulleres, familias ou perfil de persoas do Programa de Inclusión.

Orzamento: Estimando que con dar atención dúas mañás ao mes pode ser suficiente para abordar a necesidade valorada, establécese un gasto de 50

€/hora (sen IVE), partindo de 10 horas de atención nesas duas mañás. O gasto total anual sería 7260 euros (6000€+21%IVE)

Atención psicolóxica:

Perfil: experiencia e formación no ámbito da psicoloxía con enfoque social e con perspectiva sistémica, orientada especialmente a mulleres, menores e familias. Experiencia en atención a grupos (comunidades afectadas).

Orzamento:

Estimando un gasto aproximado de 50 €/sesión, establecendo unha media de 10 sesións por persoa/familia e partindo do número de 10 derivacións, o gasto total sería de 5000€. O total de 100 sesións iríanse repartindo entre os casos susceptibles de intervención, podendo resultar un número diferente de sesións.

Estimando ademais a necesidade de constituír grupos e o incremento de tempo que isto implica, establécese un prezo de 65€/sesión, cun número inicial de 12 sesións grupais (780€).

A atención terapéutica non tería incremento por IVE ao estar contemplada entre as actividades exentas do artigo 20.1.3º da Ley 37/1992«

O gasto anual aproximado de ambos servizos sería 13040 euros (IVE engadido).

Iria García Martínez Educadora social (colex. 3545).”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da posta en marcha do procedemento para a contratación menor de servizos profesionais complementarios (asesoramento xurídico e atención psicolóxica) no marco dos Servizos Sociais Comunitarios, por un importe máximo de 13040 euros/ano (IVE engadido).

En Valdoviño, na data que figura na marxe esquerda.

O alcalde”

Despois de ver a proposta de Alcaldía reproducida, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobala.

PARTE ACTIVIDADE

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

